

PATRIMONIO

O Consorcio de Santiago promove a formación en rehabilitación en colaboración coa Fundación Laboral da Construción

A Fundación Laboral da Construción e o Consorcio de Santiago comezaron o pasado venres, 20 de maio, unha nova edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación (CEGOR).



Este curso, o CEGOR, ofrece aos alumnos a oportunidade de participar en talleres prácticos de diferentes técnicas e oficios da rehabilitación impartidos por recoñecidos artesáns.

Foi concebido para paliar a falta de formación nesta área, ante a cada ano máis intensa demanda de profesionais especializados para facer fronte á extraordinaria programación de obras de rehabilitación que están a impulsar en calquera ámbito os fondos de recuperación e resiliencia, ademais das necesidades de renovación propias das cidades históricas.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/comeza-una-nova-edicion-do-curso-superior-de-especializacion-en-xestion-de-obras-de>

O alcalde visita o avance das obras da cuberta das piscinas do complexo Fontes do Sar



O alcalde de Santiago e presidente do Consorcio, Xosé A. Sánchez Bugallo, visitou as obras da cuberta telescópica das piscinas do complexo de Fontes do Sar.

Na visita, o alcalde puido comprobar in situ o avance das obras nas que xa están instalados os pórticos da estrutura de aluminio da nova cuberta, ademais do baño turco e a sauna que xa están en construción.

Xosé A. Sánchez Bugallo destacou os traballos previos. "Estamos ante unha obra que é moi complexa porque é unha zona na que é moi difícil atopar sustentación, como xa pasou no Multiusos". Indicou tamén que esa complexidade "require un esforzo grande porque a estrutura pesa moito máis ca o globo anterior. Pero ten a vantaxe de que é unha estrutura máis versátil, máis bonita e máis funcional".

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-alcalde-visitou-o-avance-das-obras-da-cuberta-das-piscinas-do-complexo-de-fontes-do-sar>

MÚSICA

A Real Filharmonía pon fin á súa temporada de Viaxes con tres espectaculares concertos

Logo de poñer o punto e final á temporada 'Viaxes', a Real Filharmonía de Galicia ofrecerá varios concertos neste mes de xuño. O primeiro deles será o día 9 dentro das Xornadas de Música Contemporánea no Auditorio de Galicia en homenaxe ao compositor Carlos García-Picos. Tamén o xoves 16 dará un acompañado polos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais.

Os últimos días do mes estarán adicados a dúas viaxes moi especial. O día 20 a Real Filharmonía de Galicia ofrecerá un concerto no Teatro Real con Luz Casal repetindo a máxica noite vivida o verán pasado na Praza do Obradoiro e por último o día 25 tocará no Festival Internacional de Música de Espinho dirixido por Joana Carneiro e con Alexa Baeva como violinista.

A EAEM pon o punto e final ao curso 2021/22 cos concertos de fin de curso

Os alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais darán por rematado o curso con varios concertos onde actuarán como solistas. Serán entre o 6 e o 17 de xuño no Paraninfo da Universidade de Santiago.

